

as modernísimas reflexións que xa facía Cossío no século XIX cara o que debía ser un museo pedagóxico, porque neste libro se fai unha reivindicación cabal dos museos como centros vivos, nos que poda ollarse a educación como un proceso vivo, incluso na súa recuperación do pasado cara ao presente, e non como instalacións cheas de artefactos para seren exhibidos. Pois iso, recomendo ler o que di Cossío ao respecto, porque ademais de ser centros de conservación, interpretación e estudo do patrimonio non estaría de máis que fosen hoxe, a súa vez, centros de alta investigación cunha proxección nos debates da educación do presente.

Eugenio Otero Urtaza.

VERGARA, J. (2010), *La educación política en la Edad Media: el *Tractatus de Morali Principis Institutione* de Vicente de Beauvais (1262/63). Una apuesta prehumanista de la política*, EUNSA, Pamplona, 140 pp.

Baixo o influxo da “historia social” e dos *Annales* e por causa de dispoñer, infelizmente, o conxunto dos investigadores da historia da educación en España durante as últimas décadas dunha insuficiente formación historiográfica, a historia educativa que, como produto de investigación e como construción cultural, se acertou a realizar veu estando moi concentrada nas problemáticas suscitadas pola contemporaneidade, e xusto e en efecto, son os problemas que acucian os que movilizan as enerxías para a resolución. Pero, hai máis mundo. O presente tamén está condicionado por unha historia de longa duración, sen necesidade de vernos abocados ao estruturalismo brau-

deliano. A “historia cultural”, como fructífera orientación para a investigación histórica invítanos a reconsiderar os nosos saberes históricos, cunha nova ollada aos tempos de longa duración. E aí quizaves volvamos a tomar en consideración e en alta consideración elaboracións históricas que, realizadas noutrora ou establecidas desde o rigor positivista, con algún apresuramento situamos á beira dos nosos percorridos e urxencias de hoxe.

Seguimos necesitando coñecer e comprender os vellos textos; por dicilo dun xeito simples, os que foron escritos en latín, pois neles aniñan ideas e valores que se forxaron, a miúdo como “exercicio racional”, con bimbios que aínda perduran nas “razonabilidades” do noso tempo. Por isto, son de saúdar a constitución e as tarefas de estudo e de edición crítica de textos, emprendidas polos investigaodres agrupados no GEMYR (Grupo de Estudios Medievales y Renacentistas), baixo a coordinación do profesor Javier Vergara da UNED.

Un deses traballos é o que aquí nos da pé a este comentario. Vicente de Beauvais é considerado como un grande pedagogo correspondente ao período da Baixa Idade Media. O autor de textos tan relevantes como *De eruditione filiorum regalium* (1246), ou os *Speculum maius* e o *Speculum minor* (1244-1256). É tamén o autor de textos de pedagogía política, como este que aquí se cita. O *Tractatus* reflexiona sobre o oficio de reinar, que se impregna cun ton marcadamente clerical, relixioso e moralizante. Analizar pedagóxicamente a evolución desta visión é o que se pretende aquí, a partir da consideración central do texto de Vicente de Beauvais. Logo dunha presentación da vida e

da obra do de Beauvais, Javier Vergara proponnos un percorrido pola literatura cortesana medieval relacionada coa educación política, para de seguido abordar os sentidos e significados inscritos no *Tractatus* de Vicente de Beauvais, cerrando coa influencia destes escritos políticos na monarquía castelá.

Componse, deste modo, un texto valioso, que axuda á comprensión do que no Barroco sería á “educación de príncipes” (dos gobernantes, en definitiva), onde se concentran algunhas das claves para a comprensión do que por vía de negación, querería ser logo un modelo educativo distinto, aberto sobre a consideración da cidadanía. E, por outra parte, unha aportación notable como exercicio de erudición e de rigor no tratamento e interpretación de fontes documentais, que son menos socorridas no presente.

Antón Costa Rico

GONZÁLEZ-AGÁPITO, J. (ed.) (2009), *Escultisme, autoformació i ciutadania activa. Un balanç de cara al futur*, Pallés ed. I Institut d’estudis Cataláns, Lleida, 210 pp.

A historiografía educativa dos países de lingua e cultura catalana veu anotando desde hai vinte ou máis anos a importancia dos fenómenos da educación no tempo libre, a través das colonias, dos campamentos, das bibliotecas, da acción convivencial parroquial católica, para o mellor entendemento do desenvolvemento educativo en tales contextos, e particularmente para explicar máis acáidamente o como e os porquês da perdurabilidade e da renovación da catalización ambiental vivida polas novas xeracións durante o tempo do

franquismo. Unha desas mediacións de maior influencia ten sido e segue a ser o que significa o movemento dos *Scoutts*, en orixe unha iniciativa de Baden Powell, que se puido ensarillar hai cen anos con boa parte das expresións do movemento internacional das Escolas Novas.

A forza relativa desa manifestación de educación infantil e xuvenil nás áreas catalanas é moi probable que non atope un correlato similar en Galicia. Se ben, aquí tamén contamos con manifestacións prontas de *escultismo*, como unha expresión da educación social, todo parece indicar que tiveron entre nós unha pequena dimensión, aínda que compre salientar que é un asunto que non tivo aínda a precisa investigación. Deberá chegar, e se cadra, apañamos alguna feliz sorpresa. Por iso, máis que para valorar o presente texto de achegas, traemos aquí esta obra, que podería servir de punto de referencia para abrir na nosa casa a oportuna investigación.

Estamos ante un rico texto pola diversidade de achegas e comentarios que nel aparecen, que son consecuencia dun Seminario de traballo dirixido polo profesor González-Agápito. Analízase a evolución histórica do escultismo en Cataluña, Baleares e o País Valenciá a partir de 1912 e ata 1975; débátese os puntos de vista interpretativos sobre esta historia; analízanse as problemáticas do presente deste movemento ou conxunto de iniciativas nos contornos citados; sen faltar tampouco, unha achega ao escultismo na esfera internacional. Un territorio sobre o que facer luz no noso caso. Máis alá do que xa sabemos sobre os *Utreys* impulsados polo galleguismo republicano.

Antón Costa Rico